

Aberto o prazo para as axudas económicas do “Plan Porriño Impulsa”

Páxina IV

Facenda envía 15.500 notificacións de catastro á veciñanza de Salceda

Páxina VI

Comenzan as obras da ruta peonil e vía ciclista na Veiga do Louro

Páxina VIII

A Rúa do Calvario, na Guarda, volve a contar con pavimento de pedra

Páxina X


Tomiño reformará o parque do Campo da Feira para integralo no espazo público peonil do Seixo

Páxina XII



Comezan as catas para o proxecto de supresión do paso a nivel do Porriño

Páxina IV



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Vacinas seguras para tod@s

As ferramentas que se están a empregar fronte á pandemia alicérganse na prevención (distancia interpersonal, uso xeralizado das máscaras, pulo ao teletraballo, control de aforamentos nos establecementos públicos e mesmo restricións xerais á mobilidade das persoas) e e no vacinamento xeral. As ferramentas de prevención restritiva reducen substancialmente a actividade económica, constituíndo o vacinamento xeral a fórmula acaída para acadarmos a inmunidade de grupo que permita o progresivo afrouxamento das medidas restritivas para lle dar pulo á recuperación económica.

O problema é que o vacinamento, para seren eficiente, require a súa xeral disposición no nivel mundial. Que USA ou o

Reino Unido (axiña) ou a UE (nuns 5-6 meses) acaden a inmunidade de grupo non resolve o problema para a poboación dos países en vías de desenvolvemento, mais tampouco para a propia poboación europea, norteamericana ou británica. Semella que as vacinas de hoxendía actúan de xeito eficaz contra o virus británico, mais as dúbidas son substanciais a respecto das variacións brasileira ou sudafricana. Con centos de millóns de persoas na América Latina, Asia ou África sen vacinar, unha destas variacións podería espallarse á nosa Europa a fins deste ano ou primeiros do vindeiro, obrigando quizais a unha nova campaña de vacinamento. No eido da economía as resultados poderían ser brutais.

Xa que logo, vacinar a todo o

“mundo mundial” non é só unha esixencia ética ou humanista. É unha cuestión de puro egoísmo. Velaí que haxa que ter en conta o pedimento de 99 Estados (coa India e Sudáfrica á fronte) á Or-



ganización Mundial do Comercio (OMC) de suspender o exercicio dos dereitos de propiedade industrial (patentes) da industria farmacéutica en canto remaneza presente a pandemia. Médicos Sen Fronteiras (MSF) lembra que o estrangulamento está na fabricación, tese abertamente contraria á da Comisión Europea, que pon o foco en cuestións loxísticas que tampouco poden ser esquecidas. A cuestión é complexa, mais cómpre lembrar que hoxe a suspensión de patentes só é rexeitada pola UE, USA, o Xapón, Australia, Canadá e Suíza.

A outra cuestión é a seguranza das vacinas. A Axencia Europea do Medicamento ven de dicir, con xeito, que en liñas xerais os casos moi graves de efectos negativos da vacina Astra-Zeneca (seica uns catro por millón) non xustifican ningunha restrición ao seu uso. Restricción que, en troques, si que teñen imposto algúns Gobernos

estatais e autonómicos europeos.

Porén, nunha democracia as vacinas non se xustifican só polo seu efecto positivo xeral, mais tamén pola presenza deste efecto en grupos concretos de persoas, por idade e características clínicas. Se esta cativa incidencia, en termos xerais, dos efectos negativos da vacina Astra Zéneca convértese nunha incidencia moito máis salientábel nun colectivo concreto como o das mulleres entre 25 e 45 anos (de primeiras relativamente alleo ás peores evolucións da Covid-19) a cidadanía ten dereito a coñecer o seu perfil de risco e decidir usando dunha información canto máis cumprida.

Vacinas si. Mais vacinas para tod@s e vacinas seguras en cada sector de idade e características clínicas.



Por Andrea Goro

Baixar as revolucións

Hai dez anos vivín unha fermosa experiencia no estranxeiro grazas a unha bolsa Erasmus. Tiña por entón vinte e unha primaveras e unhas ganas tolas de descubrir e memorizar cada recuncho de París. A semana pasada, sentada nun parque de Bruxelas, falaba daqueles tempos con Ana, outra rapaza galega. Curiosamente ela estudou en Francia o mesmo ano ca mín, e o destino quixo que unha década máis tarde volveramos coincidir noutra cidade, de novo lonxe da casa.

Esa tarde estivemos compartimos reflexións e anécdotas acerca de todas as idas e vidas que foron dando forma ao noso espírito aventureiro. Sen dúbida, aqueles primeiros intercambios de estudos abriron para nós portas que nunca máis quixemos pechar. A emoción polo novo e o diferente levounos a saltar dun lugar a outro, sen establecernos en ningún deles por un tempo longo. Botando a vista atrás, agradecemos a oportunidade brindada entón polas aerolíneas de baixo coste, mais

botamos as mans á cabeza pensando na indiferencia coa que mercabamos billetes de avión; a conciencia medioambiental non apareceu ata máis tarde...

En cada unha desas estadias sempre foron importantes para mín as paradas en boxes; dar voltas e máis voltas sentábame (e séntame) fenomenal, pero eu preciso de volver ao nido de cotío para repostar, apretar as torcas, sacar brillo e contar o aprendido. O certo é que a terriña chama por mín cada vez con máis forza, e que estas paradas duran cada vez máis días... Será que a carrocería vai vella e precisa de máis coidados

e de menos velocidade? Ana contoume que tamén ten máis morriña. Mirámonos e rimos, supoñendo que é a crise dos trinta. Ela, que é unha das persoas máis trota-mundos que coñezo, vén de pasar uns meses en Galiza por mor da covid, e pensou, estando alí, que non podería sentirse máis a gusto en ningures. Pero é que, ao final, sempre nos acaba picando a curiosidade. Abofé que imos seguir viaxando e brincando, pero queremos que as seguintes xeracións poidan brincar tamén. Teremos que baixar as revolucións e, de paso, poderemos gozar máis do propio país que tanto nos falta.



FUCO PRADO



O PORRIÑO

O Porriño, elixido para proxecto europeo de descontaminación do lindano

A alcaldesa Eva García anunciou aos membros da Comisión Especial do Lindano que O Porriño é un dos cinco municipios seleccionados entre 33.000 ubicacións existentes en Europa afectadas por lindano, para desenvolver un programa piloto da Unión Europea de localización, bio-remediación e recuperación dos terreos afectados.

A alcaldesa participou esta información aos portavoces dos grupos municipais de PP, PSOE, EUSON e BNG que asistiron á Comisión Especial. No transcurso



da reunión, o primeiro tenente de alcalde, Pedro Pereira informou das calicatas que está facendo "Geocysa" en preto de 80 puntos do término municipal,

por encargo da Xunta de Galicia. Tamén informouse dos traballos doutra empresa, "Edafotec" para desenvolver un sistema de biodegradación do lindano.

Presentación do certame "A Miña Avoa", un xogo para dinamizar o comercio local

O Concello do Porriño, a través da Concellería de Festexos e a OMIX presentou "A miña Avoa", unha iniciativa que vai poñer en marcha contando coa colaboración da Asociación de Comerciantes (Acipor), os Hostaleiros do Porriño (Ahospor), e os establecementos non asociados, durante os meses de abril e maio.

Este proxecto consiste na procura dun tesouro, que da protagonismo á economía local, non só coa súa implicación, senón tamén, porque os premios reverten no consumo das propias empresas locais.

O xogo consiste en localizar páxinas dun xornal vello polas empresas da zona, que conteñen 3 enigmas distintos. A través deles, a veciñanza ten que adiviñar onde se atopa o tesouro escondido. Poida que se xogue ao engano, pero só na primeira ollada, posto que non é imposible de acertar.



O Porriño acolle obradoiro pola igualdade "Arreglando letras"

Cami Moreira, concelleira de Igualdade do Concello do Porriño, asistiu no IES Pino Manso, ao inicio do obradoiro pola igualdade chamado "Arreglando letras" que desenvolve a soprano Esperanza Mara. Trátase dunha iniciativa educativa sobre a

perspectiva de xénero na música, promovida polo Concello do Porriño e destinada a un público xuvenil, dos centros de ensino secundario CPR Hnos. Quiroga, CPR Sto. Tomás, IES Ribeira do Louro e IES Pino Manso. A actividade ten lugar en horario lectivo.

A metodoloxía do obradoiro céntrase no "learning by doing", dótase ao alumnado de ferramentas creativas para mudar a realidade dun xeito participativo e activo, fomentando a súa implicación en termos de igualdade e inclusión.

O cadro "A prisión de Francisco I" volve ao Museo do Prado



Un equipo técnico enviado polo Museo do Prado retirou e trasladou cara a Madrid, o cadro "A prisión de Francisco I", que estaba en depósito nas dependencias do Concello do Porriño desde 1929.

O óleo, obra do pintor italiano Giovanni Migliara foi cedido polo Museo do Prado ao Concello con data do 11 de decembro de 1929. É parte do que se chama "El Prado disperso", que denomina as obras das diferentes coleccións

pictóricas que o Museo cedeu debido á escaseza de espazo de exposición nas súas dependencias desde que abriu ao público, en 1819. O levantamento do depósito feito a Porriño responde á decisión do Museo para volver a expoñer a pintura de Migliara nos salas do século XIX.

"A prisión de Francisco I" recrea o encarceramento do antigo rei Francia na Cartuja de Pavía, logo de ser derrotado polo emperador Carlos I en 1525.

A Xunta reparará os danos do CEIP da Cruz de Budiño

A Concellería de Educación do Concello do Porriño amosou a súa satisfacción de ter acadado que "en 24 horas a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades" e, polo tanto, atenda o urgente arranxo da cuberta do CEIP da Cruz, en Budiño que presenta un risco importante, segundo acreditou un informe da arquitecta municipal.

A directora do colexio recibiu a visita ao centro do xefe territorial de Educación, César Pérez Ares, quen manifestou que a Unidade Técnica da Consellería de Educación da Xunta vai facer unha valoración da situación do inmovible e emitir un informe, eximindo así de responsabilidade ao Concello.



LOURIÑA

O PORRIÑO

A Concellaría de Patrimonio restaura a Fonte da María Rosa en Pontellas

Están a rematar as obras de restauración da Fonte da María Rosa en Pontellas. Despois de anos en estado de abandono, a Concellaría de Patrimonio, que dirixe o nacionalista Pedro Pereira, está a levar a cabo obras de mellora e conservación neste elemento patrimonial municipal. O proxecto execútase con cargo a unha liña de subvencións para a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico e cultural da Deputación de Pontevedra. O orzamento ascende a 9.769 €.

As obras inclúen a construción dunha nova fronte a base de lousas de pedra e a instalación dunha placa en metacrilato que recupera o nome tradicional, Fonte da María Rosa. Demoléronse as antigas escaleiras de baixada



e habilitouse un novo acceso máis seguro dende unha zona pavimentada. Revestíronse tamén con pedra os muros de contención para conseguir harmonizar esteticamente o conxunto arquitectónico. Na contorna da fonte leváronse a cabo traballos de rozado así como o encintado e saneamento das xuntas dos muros que rodean o lugar.

“A fonte estaba en moi mal

estado, cun perigoso acceso que impedía un uso seguro e normal por parte da xente”, afirmou o concelleiro de Patrimonio e portavoz do BNG, Pedro Pereira. “Queremos recuperar espazos públicos tamén no rural. Con estas obras de mellora e conservación a Fonte da María de Rosa gaña en utilidade e convértese nun lugar de encontro para a veciñanza”, concluíu Pereira.

O Concello abre a fase informativa para explicar o proxecto internacional de empoderamento da mocidade contra o cambio climático financiado pola UE

O Concello do Porriño iniciou a fase informativa cunha primeira reunión con diversas asociacións para explicarlles o proxecto sobre mocidade e cambio climático no abeiro do Programa de Desenvolvemento das Capacidades da Mocidade, xestionado directamente pola Comisión Europea e cun orzamento total de 150.000€.

O proxecto internacional liderado polo Concello de Porriño “inclúe accións de capacitación con cursos, seminarios e campamentos formativos, e accións de mobilidade coa organización de eventos no Porriño e nos países participantes que son Portugal, Cabo Verde e Mozambique”, segundo explicou Lourdes Moure, concelleira de Educación e Fondos Europeos.

Moure Varela presidiu esta primeira reunión de traballo convocada a través da Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) e coa colaboración do profesor Ama-



dor Ordóñez, director do proxecto. Asistiron representantes das asociacións: Amas de Casa, “As Mimosas” de Carracido; Centro Cultural de Carracido; e representantes da entidade local menor de Chenlo, Casal Chan Budiño e San Xurxo de Mosende.

Xunto co Concello participan as ong’s ASPEA (Asociación Portuguesa de Protección Ambiental) e a mozambiqueña ASEJANA (Asociación para a Xuventude e Educación de Adultos de Nampula). Tamén o centro de ensino porriñés IES Ribeira do Louro en repre-

sentación da Consellería de Edificación da Xunta de Galicia e finalmente a Universidade de Cabo Verde.

O proxecto denominado “EYFEC” (siglas en inglés de “Empowering Youth for Facilitating Ecological Transition”) ten como obxectivo empoderar á mocidade e ás institucións públicas e ás ong’s como axentes de cambio para o desenvolvemento ambiental sostible, obxectivo que cobra especial importancia no contexto actual de crise económica provocada pola pandemia sanitaria.

Autorizada empresa de ADIF para proxecto ferroviario no Porriño



Alcaldesa, Eva García autorizou á empresa “GOC Consultoría e Ingeniería” a executar as catas e sondaxes precisas para o proxecto de supresión do paso a nivel en O Porriño.

Trátase do estudo xeo técnico a incluír no proxecto construtivo que acomete o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF).

O obxectivo é determinar a estrutura xeolóxica dos terreos, tanto na área do paso a nivel a suprimir como ao longo dos posibles puntos onde sexa construída a nova estación do ferrocarril, xa sexa ao norte ou ao sur do Porriño. Os traballos comezarán a longo deste mes de abril e durarán como máximo dous meses.

Aberto o prazo para solicitar as axudas económicas do “Plan Porriño Impulsa”

Xa está aberto o prazo de presentación de solicitudes para recibir axudas económicas directas con cargo ao “Plan Porriño Impulsa” que dispón dun fondo de 140.000 € aportados polo Concello e pola Deputación. As bases e os impresos das solicitudes xa están dispoñibles na páxina web do Concello.

Paralelamente o concelleiro de Emprego, David Alonso presentou as liñas fundamentais deste Plan que se aprobou por unanimidade da corporación no último pleno.

Acudiron a presentación Juana Pérez e Noelia Conde, pola Asociación de Comerciantes de Porriño (ACIPOR) e José Manuel Fernández, pola Asociación de Hostalería do Porriño (AHOSPOR).

O concelleiro de Emprego lembrou que esta liña de axudas destinase aos establecementos de hostalería, comercio de proximidade, autónomos e microempresas do Porriño afectados polos peches total ou parciais ocorridos

coa ocasión das restricións aplicadas dende xaneiro.

Do importe total do Plan Impulsa Porriño, a Deputación Provincial autorizou a utilización do 20% da liña 1 do Plan Concellos para financiar achegas económicas directas por importe de 57.861,02 euros. O resto é a achega que aporta o Concello con recursos propios na cantidade de 82.138,98 euros ata acadar a cifra total de 140.000 euros o que supón un 1% do orzamento municipal total en vigor.

O límite por beneficiario das axudas establécese na cantidade de 1.500 euros para aqueles sectores que sufriron o peche total e 1200 euros para aqueles outros que estiveran limitados no horario de apertura ao público ou sufriran perdas significativas.

Haberá asesoramento gratuito que a través da técnico da Axencia de Desenvolvemento Local prestan nas oficinas de ‘Porremprego’, para aqueles solicitantes que non dispoñan de asesoría para tramitar as solicitudes”.

Juáncho, escritor de raíces mosenses, presenta no Pazo “Na procura do medo esquecido”

Celebrouse no Pazo de Mos a presentación do libro “Na procura do medo esquecido” Catálogo de criaturas mitolóxicas e fantásticas de Galicia, á que asistiron Juáncho, autor da obra (de ascendencia mosense), Diego Giráldez, escritor da Editorial Galaxia, Francisco Castro, director xeral de Editorial Galaxia, Nidia Arévalo, alcaldesa de Mos e Sara Cebreiro, concelleira de Participación Cidadá e Cultura e Turismo.

Foi un acto moi emotivo pois ademais do libro, Juáncho falou das súas raíces mosenses, dos

seus avós María e José que rexentaban a “Panadería de José Vicente” en Sanguñeda e de moitas máis cousas increíbles relacionadas co libro e con Galicia.

A administración local de Mos adquirirá exemplares deste libro para que estean presentes en todos os colexios e demais centros educativos do municipio, así como nos centros culturais das parroquias e na Biblioteca Municipal. Para que esta fermosa obra de arte sobre a tradición galega estea ao alcance, e poida ser coñecida, por toda a poboación interesada nela.

A obra: “Na procura do medo esquecido”

Perder o medo é un exercicio inútil de soberbia porque sempre nos rolda. Nesta obra réndese homenaxe a algúns deses seres que levan dando medo durante moitos séculos e hoxe vagan polo noso esquecemento. A natureza aparece como protagonista, pois pon o escenario, a luz e os personaxes principais no seu deambular polas nosas almas. Nas encrucilladas acotío moitos ollos presencian, e logo contan, o que acontece. Feitos extraordinarios narrados dun xeito sinxelo, directo e coloquial.



O autor:

Juáncho é licenciado en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo (2004) e conta co Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria da Escola de Arte e Superior de Deseño de Ourense (2001). Nacido no Porriño en 1977, dende cativo foi unha persoa moi inqueda e gustoulle re-

lacionarse coa cultura, a arte e a ilustración. É un apaixonado do debuxo e da banda deseñada, e de aí que, en 1996, fundase e coordínase un fanzine, o Comokaze, que dinamizou dende O Porriño, Crea, en 2008, un estudio de comunicación (publicidade e ilustración) no Porriño, que leva por nome: “juáncho DEBUXA & DESEÑA”.

BNG Mos solicita a revisión do proxecto da estrada Louriño-Sobrás

No marco dun pleno, o BNG de Mos solicitou a paralización das obras de humanización da estrada Louriño-Sobrás, que comezaron na parroquia de Guizán. O portavoz nacionalista no Concello, Gustavo

Barcia, criticou que o problema “non reside só na execución das obras, senón na propia redacción do proxecto” e denunciou que “estamos ante unha nova chapuza do goberno do PP”.

O grupo municipal do BNG so-

licitou a documentación do proxecto, que conta cun orzamento de preto de 300.000 euros a cargo do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Os operarios comezaron xa a colocar as beirarrúas nas marxes

da estrada, pero non se executou a necesaria ampliación da calzada, de modo que resulta imposible garantir unhas condicións mínimas de seguridade viaria nunha zona de intenso tráfico de vehículos. De acordo cos planos, a beirarrúa debería contar cunha anchura mínima de 1,80 metros en todo o tramo afectado e a calzada debería dispoñer de 2,75 metros para cada carril. En total, a anchura



debería roldar os 7,5 metros en toda a estrada, uns parámetros que están moi lonxe de cumprirse na maior parte do percorrido.

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Facenda envía 15.500 notificacións de catastro á veciñanza de Salceda

O Concello de Salceda de Caselas recibiu o procedemento iniciado de oficio polo Ministerio de Facenda a través do Catastro nos concellos de Mos, O Porriño, Bueu e Salceda, enviando 15.500 notificacións de Catastro aos veciños do municipio. A oficina leva atendido xa máis de 600 notificacións nestas dúas semanas, que fundamentalmente responden a erros de titularidade e/ou medicións.

A petición do Concello, Catastro confirmoulle que ampliará o prazo de alegacións dun mes proposto inicialmente, polo que a veciñanza poderá ser atendida no Concello aínda que o prazo de espera supere os 30 días. O Partido Popular presentou tamén unha solicitude de pleno ex-



traordinario, con propostas de facilidades de pagamento dos recibos, unha vez que coinciden en que o proceso é inevitable para a veciñanza.

Tamén dende o Concello se ten iniciado xa o proceso de modificación da ordenanza reguladora do IBI, coa solicitude

de informes a intervención e servizos sociais sobre a viabilidade de establecer unha rebaixa no tipo impositivo ou a opción de realizar bonificacións fiscais aos colectivos máis desfavorecidos. En todo caso, esta posible modificación non estaría vixente ata o ano 2022.

Salceda de Caselas endurece os controis COVID



Co remate da Semana Santa, a Garda Civil e a policía local intensificaron os controis COVID en Salceda de Caselas, municipio que se mantén con 0 casos activos de coronavirus dende o pasado 23 de marzo.

Neste senso, lévanse tramitado diferentes denuncias por consumo de tabaco sen gardar a distancia

de seguridade en diferentes terrazas, ou por permanecer sen máscara protectora nas vías públicas sen xustificación algunha.

A concelleira de Seguridade, Lucía Pereira, informou que dende o Concello infórmase permanentemente a través das redes sociais oficiais sobre os casos activos no municipio, incidindo na importancia das medidas de protección.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

SALCEDA DE CASELAS

O Concello de Salceda iniciará accións xudiciais contra Telefónica

O Concello de Salceda de Caselas deu traslado ao seu departamento xurídico da situación do poste de teléfono da estrada Portela-Maceira no que recentemente se produciu un accidente de tráfico, para iniciar as accións xudiciais pertinentes ante este caso.

No verán do pasado ano 2020, cando o Concello xa tiña aprobado o proxecto de mellora da mencionada estrada, Telefónica procedeu á instalación desta nova liña sen a pertinente licenza municipal, colocando o poste na zona de actuación do proxecto. Unha vez que o Concello quixo iniciar as obras no mes de outubro e se percatou da existencia do mencionado poste, enviou comunicación a Telefónica solicitando a retirada do mesmo, e incidindo na perigosidade da situación, pois co ensanche da estrada o poste quedaba colocado despois dunha curva con moi pouca visibilidade. A mencionada petición non foi atendida, e o



Concello tivo que rematar a obra deixando o poste na zona do asfalto mentres se seguía reiteando a petición a Telefónica.

Esta semana, un vehículo chocou co poste, e a imaxe correu polas redes sociais facendo responsable ó Concello do acontecido, descoñecendo a situación verdadeira. Ante este acontecemento, e co obxectivo de evitar que se volva producir outro accidente, o Concello volveu colocar e reforzar a sinalización do lugar, e deu traslado da situación ao

departamento xurídico que está a traballar xa nas accións que se poidan levar a cabo.

Por outra banda deuse traslado a Telefónica do acontecido, urxíndolles a solucionar con urxencia unha situación que xa se prolonga durante máis de medio ano.

Xa noutras ocasións se tardou meses por parte de Telefónica en mover algúns postes en situacións similares, polo que dende o Concello se está a buscar a mellor solución para que isto non volva acontecer.

O investigado polo accidente de Salceda conducía baixo os efectos do alcohol

O resultado da proba de alcoholemia practicada ao conductor investigado polo accidente mortal de Salceda, no que faleceron unha nai e os seus dous fillos o 19 de marzo, foi positivo.

A taxa de alcol resultou supe-

rior á taxa constitutiva de delito (máis de 0,6 mg/l). Os resultados tardaron en coñecerse xa que se fixera unha proba de sangue ao ser imposible practicar calquera outra no lugar do accidente xa que o conductor, un mozo de 32 anos veciño de Budiño, foi eva-

cuado en estado moi grave.

O xulgado de Instrución número 1 do Porriño, que investiga o tráxico sinistro de circulación, podería engadir ao delito de homicidio por imprudencia grave un suposto delito contra a seguridade viaria.

A ORAL confírmalle ao Concello que dosificará o cobro dos recibos dos últimos catro anos de catastro

A directora do ORAL, Inmaculada Viña, ven de confirmarlle ao Concello de Salceda de Caselas, logo de diversas consultas realizadas dende o equipo de goberno, que o organismo de recadación está en disposición de emitir de xeito escalonado os recibos derivados da regularización catastral que está a levar o Ministerio de Hacienda en Salceda e noutros municipios. Deste xeito, tal como trasladou a directora, neste ano 2021 emitirase ademais do recibo anual o do ano 2018, no 2022 o do 2019 e no 2023 o do 2020, dándose por rematado deste xeito o proceso de regularización.

Esta medida ven a completar as demais iniciativas que se levaron a cabo dende o Concello de Salceda para axudar á veciñanza, na medida do posible, a afrontar este proceso de regularización que de xeito unilateral iniciou o Ministerio de Hacienda, e que supuxo a emisión de máis de 15.500 notificacións á veciñanza de Salceda.

O goberno municipal estudia tamén co departamento xurídico o xeito de solucionar un dos maiores problemas que plantexa esta revisión, que é o das parcelas que se consideran urbanas nos núcleos rurais dende o 1997 coa aprobación das normas subsidiarias vixentes, e que na realidade non reúnen os requisitos para edificar.

Nestes casos dende catastro aplícase un coeficiente reductor que vai dende o 0,6 ata o 0,8 dependendo das características das parcelas, pero o goberno considera que estas parcelas, mal definidas nas normas subsidiarias, deberían quedar fora desta regularización.

Ademais o goberno municipal traballa na modificación da ordenanza reguladora do IBI que permita unha posible baixada do tipo impositivo. A alcaldesa emitiu providencia de solicitude de informe á intervención municipal xa o pasado 10 de marzo, informe que foi emitido xa o 22 do mesmo mes, e que agora está a ser estudado para ver as posibilidades de modificación. Tamén o 25 de marzo, dende a alcaldía, emitiuse providencia ao departamento de servizos sociais para que emitan informe das posibles bonificacións sociais que se poidan levar a cabo, e que será estudado en canto se elabore. De tódolos xeitos, as posibles modificacións da ordenanza que se poidan aprobar, legalmente non se poderían aplicar ata o vindeiro ano.

O primeiro que se fixo dende o Concello foi a creación dunha oficina de asesoramento con catro persoas, que levan revisado xa máis dun milleiro de notificacións, e informado ás persoas afectadas dos xeitos de presentar recursos nos casos en que corresponde facelo.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

BAIXO MIÑO

TUI

Comenzan as obras dunha ruta para peóns e bicicletas na Veiga do Louro

Deron comezo as obras de acondicionamento da ruta peonil e vía ciclista na Veiga do Louro. O Concello de Tui adxudicou as obras por importe de 117.276,09 €, financiados con cargo ao Plan Concellos 2020 da Deputación.

A actuación proxectada abranguerá case 1,5 quilómetros dende a intersección coa Ponte Romana até a rotonda situada na PO-404. Sitúase nunha zona moi transitada e que dá acceso tanto a senda Tui-Caldelas coma á praia de Areeiros en Guillarei.

O proxecto a executar consiste no acondicionamento da ruta peonil e vía ciclista no marxe esquerdo co obxectivo de acondicionar e



mellorar a ruta existente. Por unha banda contémpase a substitución do actual bordillo de separación entre a calzada e a zona peonil e ciclista por un elemento

continúo e sen aristas vivas. Deste xeito mellorarase a seguridade xa que o actual sistema supón certo risco para os usuarios ao presentar aristas vivas e se-

paración entre pezas.

Por outra parte co obxectivo de mellorar a seguridade vial os pasos de peóns existentes serán substituídos por outros elevados

e con iluminación intelixente para facilitar a súa percepción polos vehículos. Amais crearase un novo que facilitará o tránsito cara á praia de Areeiros. Tamén serán colocados redutores de velocidade.

A actuación a realizar contempla a creación de zonas de descanso e sombra. Para iso incrementarase o número e superficie dos alcorques onde se plantará hedra para aportar sombra. Crearase un banco de formigón corrido con superficie de ladrillo cerámico de cor vermello. A zona delimitarase cunha pérgola metálica con iluminación led empotrada nos perfís superiores, para lograr así a iluminación indirecta do lugar.

A Oficina de Rehabilitación ofrece información e asesoramento sobre as axudas para a compra de vivenda no centro histórico convocadas polo IGVS

A Oficina de Rehabilitación do concello de Tui ofrece información e asesoramento sobre as axudas convocadas polo IGVS, Instituto Galego de Vivenda e Solo, para a compra de vivenda en centro históricos, entre eles o de Tui.

As bases e a convocatoria destas axudas publicáronse o pasado 15 de marzo no DOG nº 50.

Poden beneficiarse desta axudas as persoas físicas maiores de idade, que adquiren unha vivenda construída (nova, usada ou que vaia ser obxecto de rehabilitación) no

ámbito do Plan Especial de Protección Histórico-Artístico de Tui.

As axudas poden chegar até os 12.800 €, para as persoas menores de 35 anos, e até o 10.800€ para os maiores desta idade. En ambos casos non superarán o 20% do prezo da vivenda.

O prazo de presentación de solicitudes está aberto até o 1 de setembro deste ano, ou até esgotar o crédito destinado a estas achegas.

Entre os requisitos para poder optar a esta convocatoria están ter subscrito con

posterioridade ao 1 de xaneiro de 2021 un contrato privado ou, se é o caso, unha escritura pública de adquisición dunha vivenda. Tamén estar empadroado na vivenda, ou en caso de rehabilitación, empadroarse no momento da finalización das obras. Amais a persoa solicitante e demais persoas da súa unidade de convivencia non poderán ser propietarias ou usufrutuarias doutra vivenda no territorio español.

As persoas interesadas, poden recoller un resumo e os impresos no Concello (rexistro) ou enviar un correo a ari@tui.gal.



Galardoados co premio Cidade de Tui, Silverio Rivas, A Residencia San Telmo e Alberto Estévez Piña, a título póstumo

O pasado 12 de abril tivo lugar no Teatro Municipal de Tui, a Gala de entrega dos Premios Cidade de Tui na súa primeira edición.

Na categoría colectiva o premio foi para a residencia “San Telmo” das Hermanitas dos Ancianos Desamparados que dende 1882 desenvolve en Tui a súa actividade

de acollida aos maiores sen recursos.

Na categoría individual Silverio Rivas, escultor ponteareán instalado na parroquia tudense de Paramos foi recoñecido como un dos principais expoñentes da arte contemporánea de Galicia. Entre as obras de Rivas temos o “Monumento aos Represaliados”

en Tui.

Alberto Estévez Piña foi recoñecido a título póstumo pola súa persoal traxectoria de incansable animador da vila tudense, polo seu traballo de divulgador da súa historia e polo carácter innovador das súas achegas cinematográficas cos documentais “Romaría da morte” e “Despues del silencio”.



Tui humanizará a travesía de San Domingos

O Concello de Tui vai levar a cabo a humanización da travesía de San Domingos dende a rúa Antero Rubín, pasando pola travesía de San Francisco e rematando a rúa Bispo Lago.

O obxectivo é a posta en valor deste vía coma arteria singular de conexión entre o centro urbano e a igrexa de San Domingos, o acondicionamento e mellora do actual pavimento da travesía, a mellora da iluminación existente, a recuperación patrimonial desta vía coa restauración dos



restos da vía romana dos que se ten constancia e dos que poidan aparecer nas catas arqueolóxicas e a sinalización dos paneis informativos sobre a vía romana e o Camiño de Santiago.

Ata finais abril pódense seguir solicitando os bonos de compra Activa Tui

O 30 de abril remata o prazo para solicitar e consumir os preto de 1.600 bonos "Activa Tui" aínda dispoñibles da campaña posta en marcha polo Concello de Tui.

O Concello de Tui destina a este fin 50.000 euros distribuídos en 5.000 bonos de consumo de 10 euros para canxear en compras superiores a 25 euros nos 67 establecementos participantes. As persoas de Tui, ou de calquera outro concello, maiores de 16 anos, poden solicitar até dous bonos en activa.tui.gal

Os bonos intégranse dentro do Plan de Reactivación económica do Concello de Tui e están concibidos como unha medida extraordinaria para axudar ao tecido empresarial a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19 nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal. Para promocionar a participación dun gran

número de establecemento pódese consumir 100 bonos como máximo en cada un deles. Adheríronse 67 establecementos de todos os ámbitos, incluído o comercio a hostalería. Tamén participan perruquerías, centros de beleza, ferraxerías, tendas de deporte ou hoteis, entre moitos outros.

Segundo explicou a concelleira de Comercio, Ana Mª Núñez, a campaña está tendo moi boa acollida entre o tecido comercial, hostaleiro e de restauración tudense, tamén entre os consumidores. Sinalaba amais que algúns dos establecementos xa chegaron ao máximo de 100 bonos que se poden canxear por local.

Resta só o mes de abril para solicitar e consumir as 2000 tarxetas desconto restantes que se poden solicitar a través do formulario habilitado en activa.tui.gal, enderezo onde tamén se pode consultar a lista de establecementos adheridos e os teléfonos de información.

Constrúense novos vestiarios grazas ao Plan Concellos da Deputación

O Concello de Tui está a mellorar unha superficie de 70 metros cadrados da nave municipal de Guillarei tras un investimento de máis de 60.200 euros que serviu para realizar un acondicionamento interior e a reforma integral dos vestiarios-aseos. As obras foron visitadas polo deputado de Cooperación, Santos Héctor, acompañado polo alcalde, Enrique Cabaleiro, e o concelleiro de Medio Rural, Rafael Estévez.

Os novos vestiarios e aseos comezarán a utilizarse de inmediato tanto polos traballadores/as do cadro de persoal do Concello, como polo persoal temporal



que reforza os servizos de Obras e Limpeza no marco da Liña 3 do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra ou os contratados temporais procedentes da Renda de Integración Social de Galicia (Risga).

O goberno avanza cara a apertura da rúa Ourense en sentido norte

O Concello de Tui avanza na tramitación de cara á apertura da rúa Ourense en sentido norte, co que poder completar o vial dende a Avenida da Concordia até a rúa Maristas, e dende aí enlazar co actual traxecto até a rúa Colón.

Tras a súa aprobación, arestora está en exposición pública, no portal de transparencia do Concello, o proxecto de ocupación directa dos terreos afectados, que xa no Plan Xeral aparecen así recollidos. Con esta



técnica urbanística, os propietarios destes terreos verán recoñecida a edificabilidade dos seus terreos unha vez se desenvolva este polígono de solo.



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

Telf: 986 64 08 34

CONFITERIA
Regino
RUA REVERIANO SOUTULO, 16
Ponteareas (Pontevedra)

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Rúa do Calvario volve a contar con pavimento de pedra grazas á Deputación

O Concello de A Guarda dá un novo paso a prol da calidade urbana e a posta en valor do seu patrimonio coas obras de urbanización da rúa do Calvario, que veñen de rematar despois dun investimento de 122.000 euros da Deputación a través do Plan Concellos. O deputado provincial de Cooperación, Santos Héctor, e o alcalde, Antonio Lomba, percorreron hoxe esta vía que une o centro histórico coa capela da Nosa Señora da Guía e valoraron o resultado final. Estiveron acompañados da deputada Raquel Giráldez e os concelleiros Montserrat Magallanes e Miguel Español.

O alcalde explicou que trátase da segunda fase de obras nesta rúa e que queda aínda un último tramo “que xa temos en carteira, porque a veciñanza quedou moi satisfeita”. Antonio Lomba lembrou que a rúa do Calvario estaba asfaltada sobre o un vello pavimento de pedra “porque algún alcalde así o decidiu, para que os coches pasaran máis rápido”. Amosouse, por tanto, feliz de poder “recuperar a nobreza do barrio de Ribadavila”, onde, explicou, faise un Vía Crucis



De esquerda a dereita, Montserrat Magallanes, Miguel Español, Santos Héctor, Raquel Giráldez e Antonio Lomba na rúa do Calvario

ata a capela. Lomba destacou o acabado do novo empedrado, en plataforma única, e, ao tempo, o acerto de deixar testemuña “coas vellas pedras que se conservaron, do que foi esta rúa con anterioridade, porque baixo o asfalto estaba agochado parte do noso patrimonio”.

As obras abranguen un tramo de máis de 300 metros e consistiron no empedrado do pavimento, eliminando o asfalto anterior e dando así prioridade ás circulacións peonís, mantendo o tráfico

só nunha dirección. Deste xeito dáse continuidade ao pavimento pétreo e continúaase o tramo xa recuperado na primeira parte da rúa. As obras incluíron, ademais da integración no pavimento dalgunha das vellas lousas recuperadas, a canalización das augas pluviais a través dunha canle central, nova rede de distribución de auga aos domicilios, nova rede de saneamento, acometidas para o alumeadado público e, finalmente, instalación de bocas de incendios.

A Guarda aproba en pleno as bases de axudas ás empresas que tiveron que pechar pola Covid-19 por importe de 55.000€

No pleno ordinario do día 26 de marzo aprobáronse por unanimidade as bases reguladoras da liña de axudas directas aos establecementos afectados pola Covid-19 por un importe total de 55.000€. Estas axudas están destinadas aos establecementos afectados polo peche obrigato-

rio decretado pola Xunta de Galicia o 26 de xaneiro de 2021.

Estas axudas están destinadas ao pagamento de gastos de funcionamento das empresas coma arrendamento, electricidade, cuotas de autónomos, seguros, etc. Se establece unha contía máxima de 700€ por establecemento/empresa.

A Guarda inicia o reparto de máis de 200 composteiros

O Concello da Guarda, a través da Concellería de Medio Ambiente, continúa traballando na mellora da compostaxe na vila, neste caso co reparto de máis de 200 composteiros individuais, que xa se están a repartir entre os veciños que realizaron a súa sociolitude.

Estes kits de compostaxe constan dun composteiro individual, aireadores e termómetros,

mercados pola Concellería de Medio Ambiente a través dunha subvención do Servizo de Resíduos da Xunta de Galicia.

Realizaranse un total de 5 charlas informativas no Centro Cultural nas que a técnica de Medio Ambiente municipal é a encargada de ensinar aos veciños da vila como é o seu funcionamento, cunha breve formación e explicación da montaxe do composteiro.



A GUARDA

O Concello conta con dous novos Auxiliares de Policía Local

O Concello da Guarda conta dende fai uns días con dúas novas incorporacións ao corpo da Policía Local, trátase de dous novos auxiliares de Policía Local que veñen a completar a plantilla existente de 6 Policias Locais, sumando así un total de 8 axentes en servizo.

Estes axentes foron asumindo as diferentes tarefas de seguridade viaria, control do tráfico, xestións administrativas, control da zona azul, control das saídas e entradas nos centros educativos, cumprimento das medidas sanitarias viventes, entre outras.

O Concello da Guarda está tamén



pendente da resolución do concurso realizado pola Axencia Galega de Seguridade Pública (AGASP) para a praza de Xefe da Policía Local da Guarda, que quedou deserta

despois da xubilación do anterior cargo e asumida "en funcións" por parte dun dos Policias Locais da vila, a quen o Concello quere trasladar o seu agradecemento.

A Guarda foi o concello de Pontevedra coa maior taxa de doazóns de sangue no ano 2020

A Directora da Axencia Galega de Doazóns de Sangue (ADOS), Dra. Marisa López García, remitiu fai uns días unha carta ao Alcalde da Guarda, para facer constar o agradecemento e a axuda recibida do Concello da Guarda coa labor de sensibilización social a prol da doazón de sangue.

A Axencia de Doazóns de Órganos e Sangue é un servizo esencial no soporte da actividade asistencial

dos nosos hospitais e as especiais dificultades que estamos a vivir trala declaración da pandemia. Así e todo a colaboración cidadá foi encomiable en Galicia o que supuxo poder atender as necesidades que se presentaron.

Dende ADOS e dende o Concello se quere felicitar aos veciños que unha vez máis volveron a destacar como con concello de maior taxa de doazóns de sangue da provincia de Pontevedra, con 700 doazóns



de sangue no ano 2020, o que representa 70 doazóns por cada 100.000 habitantes e ano, por riba das 40/100.000 habitantes que marca a OMS.

GALP Ría de Vigo-A Guarda e ABANCA selan convenio financeiro



O Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP) Ría de Vigo-A Guarda e ABANCA asinaron un novo convenio en materia financeira que inclúe novas alternativas de crédito, servizos adaptados ás súas necesidades e unha atención especializada.

O presidente do GALP Ría de

Vigo-A Guarda, Juan Manuel Gregorio, e o director de ABANCA Mar, Javier Fraga, rubricaron un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co sector primario galego, poñendo acento no crédito, na mellora da sostibilidade do sector pesqueiro e marítimo e seguros personalizados para este colectivo.

Aprobada a demanda do BNG sobre a AP9

O pleno do Concello da Guarda aprobou a instancia do BNG reclamar do Goberno Central a rebaixa da peaxe da AP9 e aprobar definitivamente a transferencia desta infraestrutura á Xunta de Galicia. Os nacionalistas basearon a súa argumentación en que a AP9 ten unhas tarifas desorbitadas, das máis caras de todo o Estado Español e mentres o Estado rescatou outras autoestradas aquí subiron as peaxes.

O portavoz municipal do BNG, Anxo Baz lembrou que "esta concesión tiña que ter rematado



no ano 2013 e que si aínda a seguimos pagando é porque gobernos do Estado tanto do PP como do PSOE ampliaron esta concesión".

O Concello contrata 13 desempregados ao abeiro do Plan Concellos

Veñen de incorporarse 13 novos traballadores grazas á Liña 3 do Plan Concellos da Deputación para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais.

Estos traballadores prestarán servizos na recollida de residuos urbanos, limpeza, conserxería, auxiliar para cultura, informática... e con contratos que varían entre 7 e 8 meses de duración.

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

O Campo da Feira integrarase no espazo público peonil do Seixo

O parque urbano do Campo da Feira, situado moi preto da praza municipal, atópase na actualidade conectado a este espazo a través da Rúa da Feira, urbanizada con beirarrúas estreitas e de difícil accesibilidade para o uso peonil, o que sumado ao muro de granito que o rodea provocan que estea afastado e agochado do resto do núcleo urbano. O feito de ter que cruzar a avenida Gondomar, que conta cun elevado tráfico, tamén facilita este illamento.

É por estas cuestións que o Concello de Tomiño levará a cabo un proxecto de reforma que o incorpore ao espazo público peonil do núcleo do Seixo, achegándoo

ao resto dos equipamentos a través da mellora da accesibilidade para os peóns e favorecendo a súa percepción como un elemento integrado e atractivo.

A intervención terá varios eixos cos que se pretende levar a cabo a integración. Por un lado conectarase a Praza do Seixo coa Rúa da Feira a través dun gran espazo en plataforma única, no que os vehículos se eleven de cota ata a plataforma da Praza, tratándoo como un espazo de prioridade peonil.

Tamén se creará unha beirarrúa de 3,50 metros na rúa da Feira, mellorando a accesibilidade e favorecendo o uso peonil do espazo público, dotándoa de árbores or-

namentais e bancos. A rúa Santa María de Oia, situada fronte ao parque, pasará a ser unha prolongación do mesmo coa creación dunha plataforma única que sitúe a estrada e as beirarrúas ao mesmo nivel. Pasará a ser un espazo peonil con tratamento compartido, pavimentada con adoquíns e formigón do mesmo xeito que a rúa Buenos Aires e a Praza da Mina.

Retirarase o muro que separa o parque da rúa, facilitando á súa integración, substituíndo por un banco en forma de zigzag e xerando áreas de estancia. Tamén irá acompañado dunha estrutura luminosa coa mesma forma, coa que se mellorará a iluminación do espazo e contribuíndo a crear



unha percepción de espazo aberto e acolledor. Con todo, a intervención non só conservará a vexetación existente no parque, senón que servirá para realzar a súa visibilidade, poñendo en valor unhas árbores de gran relevancia histórica presentes no lugar desde a época na que se realizaba a tradicional feira do gando.

A actuación dará como resultado a creación dunha área moderna e contemporánea, conti-

nuando coa aposta da recuperación do espazo público para as persoas a través do fomento da mobilidade peonil e poñendo tamén en valor a arquitectura co uso de iluminación específica que resalte o seu atractivo.

O proxecto atópase en prazo de presentación de ofertas ata o vindeiro 20 de abril e conta cun orzamento base de licitación de 250.000 euros financiados ao abeiro do Plan Concellos 2020.

23 persoas obteñen a licencia de navegación no curso impartido en Tomiño

Impartíuse en Tomiño o curso para obter ou renovar a licencia de navegación, organizado pola Real Federación Galega de Motonáutica. En total matricularonse na actividade formativa 23 persoas, das cales unha pertence a un colectivo con discapacidade.

22 persoas matricularonse na modalidade para obter o curso completo, consistente nunha parte teórica e noutra práctica, mentres que unha delas só tivo que realizar a parte práctica ao contar coa parte teórica xa convalidada.

Desde a organización queren agradecer á academia de Tomiño "O Caderno de Repaso" pola cesión



das súas instalacións para poder facer o curso, xa que a previsión de chuvia impediu que pudesese desenvolver no Espazo Fortaleza de Goián, onde se esperaba realizar inicialmente.

A Real Federación Galega de

Motonáutica lembra que tamén está prevista a organización de outro curso no mes de xuño. Para solicitar información ao respecto está dispoñible o correo electrónico info@fgmotonautica.org e o teléfono 986 22 24 40.

distintas temáticas.

Destacan así o curso sobre cómo elaborar un CV innovador, o obradoiro sobre a rede social LINKEDin, o curso de Aplicacións de Google DOCS Online e o curso de francés nivel medio con filóloga nativa.

OMIX Tomiño desenvolve en abril catro obradoiros online

No marco da habitual programación formativa que desenvolve a OMIX de Tomiño, a oficina municipal

fixo pública a súa oferta de cursos para o mes de abril, no que estarán dispoñibles online a través de catro obradoiros sobre

SEA acorda cos concellos do Rosal e A Guarda avanzar no estudo dun polígono compartido



Axerente de Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), Beatriz Sestayo, desprazouse ao concello da Guarda para abordar conxuntamente co alcalde da localidade, Antonio Lomba, e a rexedora do Rosal, Ánxela Fernández, a posibilidade de retomar o estudo sobre o polígono industrial compartido entre ambos concellos que sirva de revulsivo económico á zona e permita atraer investimentos tanto de Galicia como do norte de Portugal.

Deste modo, SEA retomar o estudo do proxecto de solo industrial compartido, que se situaría na zona limítrofe entre ambas localidades, e que xa se

comezara a ideas no ano 2004.

Beatriz Sestayo recordou que Suelo Empresarial del Atlántico dispón xa do proxecto sectorial, elaborado en 2007, e que tan só terá que ser agora actualizado.

Ademais, a entidade, dependente do Ministerio de Transportes, xa conta cunha parte importante dos terreos en propiedade. En concreto, posúe 45.000 metros cadrados dos 260.000 previstos que contemplaba o plan sectorial, a expensas do que determinen os seguintes informes.

O polígono situaríase nas parroquias de Gándara, en A Guarda, e da Cunchada, no Rosal, no límite entre ambos concellos.

Por Roberto Mansilla Blanco

Santiago Veloso, presidente da Asociación transfronteiriza "Ponte...nas ondas!" (PNO!)

"Cando decidimos poñer no ar 'Ponte...nas ondas!'... xa non se puido parar!"

Con 26 anos de traxectoria na procura da preservación do patrimonio inmaterial galaico-portugués, a asociación "Ponte...nas Ondas!" (PNO) acaba de presentar a súa candidatura ante a UNESCO para o

Rexistro de Boas Prácticas do Patrimonio Cultural Inmaterial. Deste xeito, o Foro A Península-Novas do Eixo Atlántico conversou con Santiago Veloso, presidente desta asociación de carácter transfronteirizo.

1. Cóntanos para os máis novos como foi o nacemento de Ponte...nas ondas! (PNO!)?

A partir de obradoiros de radio que se estaban realizando nos centros educativos e aproveitando a inauguración da ponte internacional entre Monção e Salvaterra, decidimos poñer no ar unha "nova" ponte...nas ondas! Unha xornada "experimental" de 13 horas de programación realizadas por alumnado de 16 centros das dúas beiras do río Miño, que tivo tan boa acollida no ámbito educativo que xa non se puido parar.

2. De cantos colegas te lembras que naqueles primeiros momentos tamén estiveron no nacemento de PNO!?

Houbo un grupo de 15 ou 20 que eramos os máis activos na organización da xornada radiofónica. Ademais había un grupo máis amplo, arredor de 100 ou 150 persoas que participaban directamente nos traballos nos centros. Entre ese profesorado están un grupo de pioneiros na introdución da radio nas escolas como un recurso educativo extraordinario.

3. En que momento tiveches a intuición de que aquela innovación pedagóxica chegaría tan lonxe?

Nunca tivemos grandes pretensións coa experiencia porque funcionaba tan ben como actividade innovadora e motivadora para alumnado e profesorado que non tiñamos tempo para pensar a onde nos levaría "a ponte". A partir do 10º aniversario comezamos a ver que xa íamos deixando un ronsel que marcaba a moitos xoves e chegamos a integrar nunha experiencia educativa a alumnado desde infantil até a Universidade.

4. Cando conseguistes convencer ás autoridades políticas galegas de que debían apoiar o proxecto?

Creo que nunca chegamos a convencelas de todo! Sempre mantivemos as actividades con poucos e limitados apoios institucionais se comparamos con outras iniciativas que tiveron máis recursos e menos duración no tempo.

5. Recentemente, Ponte...nas Ondas! presentou a súa candidatura ante a UNESCO para o Rexistro de Boas Prácticas do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI). Que expectativas tedes co respecto a esta candidatura?

Pois son realmente boas! Creemos que, se dous Estados e tres administracións (Lisboa, Madrid, Santiago) consideran que somos

unha boa práctica...estamos ás portas de ter unha grande nova para o 2022. Somos conscientes de que Ponte...nas ondas! cumpre todos os requisitos que se piden e podemos responder con solvencia sobre o noso traballo que está á vista. Xa estamos acreditados pola UNESCO como ONG consultora para o PCI, a única entidade en Galicia.

6. Esta candidatura é multinacional, entre España e Portugal, co apoio da Xunta. Significa isto un recoñecemento clave ao voso labor pola preservación do patrimonio inmaterial galego-portugués?

Evidentemente é un aval importante que tres institucións se poñan de acordo para propornos. O labor dos 26 anos de PNO! xa ten sido recoñecido mesmo por entidades de diversos ámbitos. O premio ONDAS, en 2014, á "mellor cobertura do patrimonio inmaterial galego-portugués" é un exemplo deste recoñecemento.

7. Pódese intuír que, con esta candidatura, a UNESCO promoverá o modelo PNO! en todo o mundo?

Ese é un dos criterios que debe cumprir calquera proposta que se inscriba no Rexistro das Boas prácticas de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, que sexa replicable en calquera parte do mundo. O modelo de PNO! é susceptible de ser implantado en diversos territorios. A inscrición favorecerá esa promoción por parte da UNESCO.

8. O pasado 29 de marzo, PNO! achegouse ao seu 26º aniversario. Que balance podes facer desta ampla traxectoria?

Evidentemente moi positivo, non só por todo o acadado senón



por todo o que levamos feito desde a innovación educativa, fomentando o competencia comunicativa do alumnado, empoderando a súa capacidade creativa, revalorizando o patrimonio común galego-portugués e re-transmitíndoo ás novas xeracións.

9. Como está sendo a receptividade en Portugal ao voso labor?

Somos unha asociación transfronteiriza e con presenza legal en Portugal e en Galicia. As nosas accións están dirixidas para ambos territorios e tamén para a Lusofonía, e non só, tamén teñen participado nas nosas actividades centros educativos desde outros países como Colombia, Chile, Argentina ou Cuba.

En Portugal estase a acoller moi ben a nosa actividade por parte do Ministério da Educação que está a colaborar e que tamén deu o seu apoio á candidatura ás Boas Prácticas.

10. E por parte das entidades de cooperación transfronteiriza, como as eurociudades Monção-Salaterra do Miño, Tui-Valença, Verín-Chaves e Cerveira-Tomiño?

A pesar de sermos os primeiros en traballar con dimensión transfronteiriza, estas Eurociudades deberían contar máis con Ponte...nas ondas! Estamos dispostos á colaborar con elas no que se nos solicite.

A "AECT Río Miño" ten contado coa asesoría de Ponte...nas ondas!,

en calidade de ONG acreditada pola UNESCO para o patrimonio inmaterial, para diversas accións. Desenvolvemos o proxecto dos Tesouros Humanos Vivos no espazo do río Miño, un traballo que contempla a recollida, a difusión, a transmisión e a posta en valor dos saberes destas persoas portadoras e que aínda se está a realizar.

11. Finalmente, que outros proxectos estades impulsando a curto e mediano prazo en materia pedagóxica e cultural para a preservación deste patrimonio inmaterial?

Agora mesmo estamos a desenvolver o proxecto Cantamos nós! con centros educativos dos dous lados da fronteira. Un traballo co patrimonio inmaterial e coas escolas que se vai plasmar nunha publicación en formato audiovisual e no que van participar 18 escolas e institutos xunto con músicos, artistas e persoas portadoras do patrimonio inmaterial galego-portugués.

Tamén temos aberta a 4ª edición do certame "As imaxes do patrimonio" que permite que os nosos xoves coñezan as expresións do patrimonio inmaterial a partir da fotografías dos álbums fotográficos familiares. A partir delas poden elaborar un texto escrito ou un podcast e participar.

Toda a información está nas nosas webs: www.pontenasondas.org, www.escolasnasonndas.com, www.opatrimonio.org



Emisión conxunta coa RG no 20 aniversario.


PONTEVEDRA

A Deputación "constrúe cultura" coas obras da nova biblioteca de Nigrán

A Deputación de Pontevedra consolídase como a gran promotora das infraestruturas culturais na provincia. A nova biblioteca de Nigrán, no marco do Plan de Reequilibrio, é o último equipamento cultural que a institución provincial fai posible e que entrará en funcionamento a finais de abril. O deputado de Cooperación, Santos Héctor, visitou as obras acompañado do alcalde, Juan González e da deputada, e tamén concelleira nigranesa, Raquel Giráldez.

O edificio reforza a centralidade deste espazo e está dotado con catro fachadas e 1.260 metros cadrados construídos. Conta cun deseño de vangarda, concibido con criterios bioclimático dotado coas últimas tecnoloxías en climatización e iluminación, reducindo os consumos enerxéticos e o impacto ambiental. As obras foron financiadas ao 80 % pola Deputación, que achegou 1.479.620 euros, mentres que o Concello correu cos 369.905 euros restantes.

Santos Héctor definiu á biblioteca pública como "un novo fito urbano de Nigrán" que vén sumarse a outros "contedores



culturais" impulsados desde a Deputación que están agora en obras, como o Auditorio do Grove, ou xa rematados, como as Casas Goday (A Illa de Arousa), a mellora do Centro de Interpretación das Torres do Oeste (Catoira) ou os novos centros socioculturais de Caldas de Reis e As Neves. "Construímos cultura, equipamentos que enriquecen a vida da veciñanza destes municipios", destacou.

O deputado cualificou a obra como "magnífica pola súa integración na zona e na trama ur-

bana" e engadiu que destacará aínda máis cando se remate a nova praza no seu contorno.

A nova biblioteca está distribuída nun andar baixo para zona de recepción e diversos servizos, un primeiro andar para a sala de ordenadores e sala de préstamo infantil e xuvenil, un segundo andar para sala de préstamo de literatura para persoas adultas e, finalmente, un terceiro andar coa sala de estudo (130 metros cadrados) e catro salas pequenas (duns 7 metros cadrados cada unha) para o estudo en grupo.

Deputación recibe a Daniel Minimalia, o primeiro "Grammy Latino" galego



A presidenta da Deputación, Carmela Silva, fixo extensivo o recoñecemento da institución ao músico Daniel Minimalia polo premio Grammy Latino ao mellor álbum instrumental "Terra", cunha recepción na que definiu ao artista como "talento en estado puro". Minimalia é así o primeiro galego en obter un premio Grammy Latino.

Carmela Silva, que fixo entrega a Minimalia da escultura da camelia "Flor de inverno" da artista Ana Tenorio cunha inscrición que

lembra o seu fito musical, destacou a traxectoria do artista e relatou os seus recoñecementos, ata o punto de ser valorado "tristemente máis fóra que dentro".

Daniel Minimalia, que estivo acompañado pola súa parella, a escritora Natalia Sanchidrián coa que quixo compartir este premio amais de coa xente da cultura e da provincia, lembrou o seu paso pola cidade e a provincia na que viviu durante un tempo e amosouse "encantado de estar nun sitio que aposta pola cultura".

Premios "DepoEmprende" para recoñecer o talento da mocidade



A presidenta provincial, Carmela Silva, puxo en valor o traballo do alumnado e o profesorado dos centros da provincia que participaron na cuarta edición do programa DepoEmprende na FP durante a xornada DemoDay na que os e as estudantes presentaron os seus proxectos de emprendemento deseñados desde a aula e na que o xurado distinguiu aos gañadores.

Neste senso, os premios, dotados cun total de 1.900 euros, recaeron en dúas propostas de alumnado do CIFP Manuel Antonio

de Vigo no caso da categoría de Ciclo de Grao Superior e nunha a cargo de estudantes do CIFP Carlos Oroza de Pontevedra na modalidade de ciclos de Grao Medio.

Nesta xornada DemoDay as e os estudantes participantes nos nove proxectos presentados ao concurso por parte de cinco centros da provincia deron a coñecer as súas propostas, todas elas inclusivas, respectuosas co medio ambiente e de fomento da actividade física, no acto celebrado no salón de plenos do Pazo Provincial.

A Deputación aproba os convenios para o novo contrato de administración electrónica que garante o servizo de 64 entidades locais

A Deputación de Pontevedra aprobou os últimos convenios cara ao novo contrato para a prestación do Servizo de Administración Electrónica nas entidades locais da provincia de menos de 50.000 habitantes, que conta cun investimento total de 578.500€. O Goberno deu vía libre aos acordos cos concellos de Sanxenxo, Moaña, Ponteareas e coa Mancomunidade do Morrazo, cos que pecha e garante o servizo ás 64

as entidades locais que se teñen adherido, en concreto 54 concellos, 6 entidades menores e 4 mancomunidades.

A través destes convenios os concellos asumen unha contra-prestación en función do seu número de habitantes. En concreto, o servizo finánciase cunha aportación do 75% da Deputación e o 25% os concellos. Con esta prestación se realiza o mantemento das plataformas de tramitación electrónica, a sede

electrónica personalizada e o portal de xestión de procedementos/expedientes electrónicos.

Amais, o servizo posibilita a realización electrónica de calquera trámite dun procedemento, xestión documental integral dos documentos, arquivo electrónico e traballo de forma coordinada con outras administracións. Tamén inclúe o soporte e mantemento correctivo, e seguimento do proceso dende a súa implantación.

Noventa anos despois: as mulleres na Segunda República e a loita polos dereitos civís


Raquel Vázquez Ramil
Universidade de Valladolid
Anxo Serafín Porto Ucha
Profesor Ad Honorem USC

Cando se proclama a Segunda República en España, o 14 de abril de 1931, cambia radicalmente o panorama político do país. A Constitución aprobada en decembro dese ano declaraba no artigo 1: “España es una república democrática de trabajadores de toda clase, que se organiza en régimen de libertad y justicia” e no artigo 2: “Todos los españoles son iguales ante la ley”. As mulleres, até entón excluídas do sufraxio activo debían, polo tanto, ter dereito a votar nas eleccións.

Sen embargo, o debate sobre o sufraxio feminino centrou parte das discusións parlamentarias e contribuíu á polarización entre os sectores favorábeis e os opostos. Os partidos republicanos non amosaron un entusiasmo excesivo pola participación feminina nas eleccións e mesmo se produciu o enfrontamento entre as dúas primeiras deputadas, as avogadas Vitoria Kent, que se opoñía por temor á influencia da Igrexa católica nas mulleres, e Clara Campoamor, convencida de que as mulleres tiñan capacidade de abondo para pensar por si mesmas.

Con todo, o sufraxio feminino foi apro-

bado, e as asociacións feministas continuaron proliferando para esixir outro tipo de dereitos. Houbo agrupacións femininas dentro dos partidos tradicionais, como a Agrupación Socialista Feminina, integrada no PSOE dende 1912; pero destacou o labor propagandístico das asociacións in-



Portada do libro *La mujer en la II República*, de Raquel Vázquez Ramil (2015)

dependentes, cada vez máis radicalizadas, como a Unión Republicana Femenina, creada por Clara Campoamor en 1931, a Asociación Femenina de Educación Cívica liderada pola escritora e política María Lejarraga, o Comité de Mulleres contra a Guerra e o Fascismo, impulsado polo Partido Comunista de España en 1933 e encabezado por Dolores Ibárruri “Pasiona-

ria”, ou a agrupación anarquista Mulleres Libres, vinculada á CNT e liderada pola escritora Lucía Sánchez Saornil, cun papel moi activo no fronte durante a guerra.

Avances considerábeis foron a Lei de Divorcio, aprobada en febreiro de 1932, e a Lei de Matrimonio Civil de xuño do mesmo ano, que significaron un golpe para os postulados da Igrexa católica. Creceu de forma importante a escolarización, e as mulleres, que padecían taxas moi altas de analfabetismo, accederon ás escolas primarias, aos institutos de ensino medio e de forma crecente tamén á Universidade. O horizonte laboral ampliouse, permitíndose o acceso igualitario a todas as profesións da función pública, agás ao exército. E por suposto, foi notábel e modélico o labor das deputadas. Na primeira lexislatura (1931-33) foron tres: Clara Campoamor (Partido Radical), Vitoria Kent (Partido Radical-Socialista) e Margarita Nelken (PSOE). Na segunda lexislatura (1933-36) sentáronse no Congreso cinco mulleres: Francisca Bohigas (CEDA), Margarita Nelken, María Lejarraga, Matilde de la Torre, Veneranda García (as catro do PSOE), e na terceira lexislatura (1936) foron de novo cinco: Vitoria Kent (Izquierda Republicana), Margarita Nelken, Matilde de la Torre, Julia Álvarez Resano (as tres do PSOE), e Dolores Ibárruri (PCE).

A guerra arrasou o proxecto republicano



Cartel de guerra de Mulleres Antifascistas, organización impulsada polo PCE e presidida por Dolores Ibárruri, “Pasionaria”

e para as mulleres foi cruel e implacábel, pois perderon os dereitos acadados nos anos anteriores: desapareceron da esfera política e o seu rol social veuse reducido ao fogar, ao coidado da familia e a traballos auxiliares e pouco considerados. Anulouse a Lei do Matrimonio Civil e a do Divorcio. Mantívose o sufraxio universal, certo, pero nunha ditadura de corenta anos o dereito ao voto era papel mollado.

A que fora deputada María Lejarraga afirmou en 1952: “¿Segunda República española! Dicen que a la tercera va la vencida. Aunque llegue y venza, yo ya no la he de ver... ¿La verán otros?” E iso nos preguntamos nós setenta anos despois.

Redondela homenaxe a ás persoas que defenderon a República

Con motivo do 90º aniversario da proclamación da II República española, o Concello de Redondela inaugurou no alto da Concheira, un dos lugares máis vinculados á memoria histórica de Galicia, un monumento conmemorativo elaborado pola Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra.

O acto contou do deputado de Cooperación, Santos Héctor, e a alcaldesa, Digna Rivas. Asistiron tamén a deputada Noemí Outeda, concelleiros/as, representantes do Colectivo Republicano de Redondela, do Seminario de Estudos Redondeláns e da Asociación Fernando Monroy, de Cesantes, así como veciñanza de Redondela en aforo reducido por mor da pandemia.



A homenaxe consistiu na estrea dunha peza escultórica en granito composta por tres figuras humanas cun burato no peito, e coa inscrición “En lembranza dos homes e mulleres que defenderon a República. Concello de Redondela 2021”. Ten unha altura de 2,30 metros e un peso de case cinco toneladas. Foi realizado por Ángel Ramón Torres González, alumno de terceiro

curso da Escola de Cantería.

No alto da Concheira foron asinadas 21 persoas sobre o total de 42 que perderon a vida en diversos lugares do municipio, segundo os datos das asociacións de memoria. O lugar conta tamén co simbolismo da proximidade coa illa de San Simón, o campo de concentración do franquismo polo que pasaron 6.000 represaliados.

Día da República en Ponteareas



O Concello de Ponteareas volve conmemorar o día da proclamación da Segunda República coa iluminación da fachada e a coloca-

ción de flores no xardín cas tres cores da bandeira republicana. O 14 de abril a Xunta Republicana do Condado concentrouse diante da casa do Concello.

Primavera Literaria do Val de Miñor

A sección de Lingua e Literatura e PUGA (Promoción do Uso do Galego) do Instituto de Estudos Miñoráns (IEM), en colaboración cos concellos de Gondomar, Baiona e Nigrán, convocan a Primavera Literaria do Val de Miñor de Videopoemas e Videomicrorelatos para contribuir a potenciar a creatividade en lingua galega da mocidade do Val de Miñor e de toda Galicia.

Haberá seis categorías, cinco para rapaces e rapazas da comarca, e unha para persoas adultas con creación en lingua galega, sen limitación xeográfica. Cerca dos 4000 euros en premios, seis dos



sete en vales para consumir no comercio local.

O certame esta constituído por dúas modalidades, videopoesía e videomicrorelato, para fomentar distintas narrativas de creación audiovisual e conta con seis categorías, cinco para rapaces e rapazas da comarca, e unha para persoas adultas con creacións en lingua galega sen limitación xeográfica.

As persoas que queiran participar no certame soamente terán que gravar un vídeo de máximo un minuto onde se lea un poema ou un microrelato en lingua galega. Os textos dos poemas e microrelatos deben ser orixinais e a súa autora ou autor debe ser membro do equipo que produza o vídeo. Ademais será posible participar con máis dunha creación., e todas as obras finalistas serán publicadas nas redes sociais do IEM.

A organización agradece á ilustradora Sandra Rodríguez a súa colaboración co deseño do debuxo de portada do certame.

Somos Ribadumia alerta sobre xestións de contratación en servizos sociais



A agrupación Somos Ribadumia informou ter constancia de que o Colexio Oficial de Traballo Social presentou un escrito ao alcalde de Ribadumia, David Castro, preguntando por como se realizou a contratación dunha traballadora para servizos sociais, que ocupa o posto por baixa doutra traballadora e que xa leva no concello dous meses.

Denuncia que o alcalde xustificou nun pleno municipal esta contratación irregular, incumprindo coa lexislación vixente e sen realizar o debido

proceso de selección de persoal para a contratación.

Por outra banda, mediante unha carta enviada á Corporación polo seu voceiro José Enrique Oubiña Lago, Somos Ribadumia solicitou "seriedade no funcionamento municipal, en particular no que respecta aos funcionamentos democráticos", ante as modificacións dos funcionamentos que afecten aos partidos políticos, esixindo que se comuniquen adecuadamente, e con tempo e marxe suficiente para, se fora o caso, realizar as adecuacións necesarias.

Oia entrega 19 novos composteiros

O Concello de Oia continúa co seu programa de promoción da compostaxe doméstica, nesta ocasión a través do reparto de 19 novos composteiros individuais que nos últimos días foron entregados aos que os

tiñan solicitado durante o prazo habilitado en novembro.

Ademais as persoas beneficiarias participaron nunha charla explicativa sobre o uso dos composteiros, impartida por un técnico de Sogama no centro socio-

cultural de Pedornes.

Os veciños que reciben un composteiro quedan comprometidos a participar nas labores de inspección que programe o Concello a fin de comprobar o correcto uso do dispositivo entregado.

o remendón
CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL 
Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño **637 764 865**
www.cerrajeroremendon.com


O noso Eido
Especialidades en: Anxos e lampreaz, Pezas do Rio, Coccos a Franta, Biscoitos e Kikos a brava.
RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 960
Telf. 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)


milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 352

milfollas@mundo-r.com


LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres Guiller Motor 

Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41


TALLERES